



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Porto do Son para a execución da actuación de “Canalizacións de saneamento nos núcleos rurais de Baroña, Abuín, Vilar e Arnela. Porto do Son (A Coruña)”

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas

Entre outras competencias, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, correspóndelle a esta entidade a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

2 Con esta actuación preténdense executar pequenos ramais de colectores de saneamento para conectar as vivendas existentes nos núcleos de Baroña, Abuín, Vilar e Arnela coa rede xeral existente.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Porto do Son o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31.12.2017, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2017. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas no convenio.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer polo Concello e incorporar ao patrimonio público municipal as obras de “Canalizacións de saneamento nos núcleos rurais de Baroña, Abuín, Vilar e Arnela. Porto do Son (A Coruña)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

5 O custo total da actuación de referencia contemplada no convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de cincuenta e oito mil catrocentos noventa e dous euros con oitenta e cinco céntimos (58.492,85 €). Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 6566 “Subvencións de capital. A corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2017.





6 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias conconcorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez

(asinado dixitalmente)

